

## **INFORME INSUFICIENCIA DE MEDIOS**

### **JOSÉ LUIS PÉREZ ESTÉVEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MEIS**

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Vista a proposta do Servizo social do Concello sobre a necesidade de proceder á contratación do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia e libre concorrência, do concello de Meis (Pontevedra), e vista a documentación técnica achegada, emito o seguinte,

#### **INFORME**

##### **PRIMEIRO.** Insuficiencia de medios persoais:

Debido ao incremento de casos que deben ser cubertos polos servizos sociais en aplicación da Lei de Dependencia, e considerando a complexidade na prestación dos mesmos, resulta axeitado proceder á licitación do contrato dos servizos de axuda a domicilio neste Concello de Meis.

As actividades e frecuencia das prestacións a realizar non poden ser asumidas polo persoal municipal sen que as funcións propias destes véxanse menoscabas.

##### **SEGUNDO.** Insuficiencia de medios materiais:

- *Que non se dispón dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas.*
- *Que non se dispón dos medios de traballo necesarios para a consecución da necesidade obxecto do contrato.*
- *Que non se dispón do soporte técnico axeitado.*

**TERCEIRO.** O beneficio de externalizar a prestación do servizo tradúcese no feito de que a prestación do mesmo levarase a cabo por por persoal capacitado, con coñecementos específicos e con medios axeitados.

**CUARTO.** Que por parte do órgano de contratación emítase resolución acreditando a insuficiencia de medios e/ou a conveniencia de non amplialos e procédase á celebración dun contrato de servizos.

**QUINTO.** Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**